

O Concello privatizará por 25 anos a residencia de anciáns

Os votos a favor do grupo de goberno (PP) sacaron adiante no último pleno o prego para sacar a concurso a adxudicación a unha empresa privada da concesión da residencia de anciáns. O concello optou por adxudicar o centro a unha entidade privada por un período de 25 anos para poñer en marcha canto antes o centro. De nada serviu a frontal oposición da oposición (BNG e PSOE) á privatización da residencia, construída con

fondos públicos nuns terreos doados polos Pais Pasionistas. Durante o pleno no que se debateu a xestión da residencia, a rexedora, Ángeles Vázquez, mantivo un acalorado debate coa voceira do BNG, Socorro Cea, que pediu ao Concello que non privatizase a residencia alegando que dese modo moitos veciños con poucos recursos non terán opción a acceder a unha das prazas da residencia. Cinco resérvanse para o concello **P5**

EMPRESA

Os comerciantes entregaron os premios da campaña de Nadal | Nunha cea organizada por ASETEM-CCA, os preto de 50 comerciantes que participaron na campaña O teu centro comercial está en Melide fixeron entrega aos premiados dos cheques regalo que se repartiron durante a campaña. En total, máis de 6.000 euros distribuídos en 20 premios **P12 e 13**

MELIDE

BNG e PP presentaron as súas aspirantes á alcaldía | A carreira pola alcaldía de Melide deu o seu pistoletazo de saída coa presentación das aspirantes do BNG, Socorro Cea, e do PP, Ángeles Vázquez **P7 e 8**

COMARCA

O Consello de Contas destapa irregularidades na xestión de Toques | Un informe do órgano consultivo destapou diferentes irregularidades rexistradas durante os exercizos 2003 e 2004. A oposición pediu a celebración dun pleno extraordinario para que o grupo de goberno explicase as medidas a adoptar **L10**

CULTURA

O IES Melide recibe un premio á innovación educativa no eido das enerxías renovables | O galardón está dotado con 15.000 euros para a posta en marcha dunha aula-laboratorio **L17**



Melide desfrutou do entroido

Melide recuperou a paixón polo entroido. Durante varios días a vila vestiuse de personaxes imposibles e únicas que desfilaron por rúas e prazas. O día grande da festa, o martes de entroido, celebrouse o concurso de disfraces e comparsas que este ano recuperou a

súa vistosidade grazas ao traballo e orixinalidade dos participantes. Varias comparsas e personaxes desfilaron ata o Cantón de San Roque arroupados por unha charanga e pola curiosidade e expectación dos veciños que se congregaron no parque **P 18 e 19**

Editorial

Melide ten gana de festa

Melide e os melidenses teñen gana de festa. Alomenos, isto semella se temos en conta o que ocorreu no último entroido. Despois de que o ano pasado Don Carnal pasara por Melide case, case que se pena nin gloria, esta vez a xente do municipio e da comarca voltou a desfrutar da festa.

É de aplaudir a participación que houbo este ano no concurso de disfraces que se celebrou martes de entroido no Cantón. A calidade, orixinalidade e traballo da maioría das comparsas participantes é, cando menos, meritoria. Naves espaciais, esquimáis, romanos co emperador a costas, unha carreira de fórmula un e mesmo unha actuación eurovisiva en directo fixeron as delicias de grandes e pequenos.



A calidade dos disfraces individuais tampouco se quedou atrás, e serviu para que Melide dera mostras de recuperar a súa paixón pola festa. Tanto a oficial, como a máis tradicional celebrada máis tarde na praza das coles coa Duquesa de Alba como meco deste ano.

Aínda que martes foi o día grande, as demais

xornadas de entroido tamén serviron para ver desfilar polas rúas personaxes e persoeiros de todo tipo.

A tenor do visto no concello durante este entroido, está claro que os melidenses e as melidenses teñen ganas de pasalo ben e de desfrutar. Ao fin e ao cabo, a festa é unha vez ao ano, e o caso é aproveitarla.

Tribuna de opinión

Os froitos

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

O traballo sempre ten a súa recompensa, e a de ASETEM-CCA estase a ver día a día. Vimos de pechar a primeira campaña de San Valentín que organizamos, e podemos estar satisfeitos da súa aceptación entre clientes e comerciantes. En febreiro entregamos tamén os cheques da campaña de Nadal, que resultou ser a máis exitosa dos últimos anos tanto en participación coma en premios. Máis de 6.000 euros e preto de medio cento de participantes é un balance moi positivo, sobre todo para os protagonistas: os comercios e os comerciantes.

Agora, trala resaca das campañas, estamos xa a piques de finalizar todo o proxecto para a posta en marcha da tarxeta de fidelización do comercio melidenes. En breve celebraremos unha xuntanza cos comerciantes interesados para atar flecos, e poñer xa en marcha a iniciativa. Sen dúbida é un proxecto pioneiro e novidoso que recupera a vella tradición dos puntos, adaptándoo aos novos tempos. En ASETEM-CCA cremos firmemente neste proxecto, e vémolos como un novo pulo á recuperación do pequeno comercio. Estamos convencidos de que a iniciativa será ben acollida entre os clientes dos establecementos melidenses, e apostamos por ela como unha das vías para impulsar o desenvolvemento local. Agardemos que sexa un gran éxito de todos.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN e ReDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños, Vanessa Martínez Iglesias, BRINQUEDIA.

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, Mª Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

MYHNOR
MORTEROS Y HORMIGONES

CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

· AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Ánimo e ilusión a tres meses das municipais

O pasado 23 de febreiro celebrouse en Melide un acto que será lembrado durante moito tempo. Foi a presentación da candidata do BNG á alcaldía, Socorro Cea. Nunca antes se vira tanta xente nin tanta ilusión faltando aínda tres meses para as eleccións municipais.

No evento estiveron o Vicepresidente da Xunta de Galiza, Anxo Quintana, e o Vicepresidente da Deputación de A Coruña, Xaime Bello, que manifestaron o incondicional apoio das dúas institucións para levar adiante os moitos proxectos que o BNG ten para Melide.

A verdade é que un público tan numeroso e entregado indica claramente que Melide quere un cambio e que está preocupado polo seu futuro. Un futuro moi incerto se seguimos cos actuais gobernantes do PP, que xa levan moito tempo facéndo-

lle oposición á Xunta e á Deputación. Melide merece outro xeito de gobernar, e necesita ao BNG por ser a única forza política útil, eficaz capaz de devolver a ilusión e a esperanza de recuperar o tempo perdido.

Cada vez son máis os melidenses que ven ao BNG como o grupo político que máis pode facer polo concello, o que máis pode axudar a que Melide progresse. E como Melide é un pobo intelixente, de seguro que saberá actuar en consecuencia dando o seu apoio ao BNG para que poidamos ter a primeira alcaldesa da nosa historia, a primeira alcaldesa elixida de verdade polos melidenses, posto que somos nós, e só nós, os que debemos escoller, democraticamente e co noso voto, á persoa encargada de dirixir o noso Concello durante os vindeiros catro anos.

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

O alumeado en Melide

Dende o ano 2003 este grupo municipal presentou mocións, rogos e preguntas fundadas nas demandas, necesidades e dudas dos veciños e veciñas do concello e do que nós mesmos poidemos comprobar da realidade diaria. Cando presentamos unha moción demandando do equipo de goberno algunha actuación concreta no se fai por capricho, senón como dicimos, porque o cremos necesario ou porque os veciños nolo pedirán, por eso ás veces temos a sensación que o equipo de goberno vive noutro concello, ou asiste a plenos distintos ca nós; esta é a sensación que temos despois de que ahí uns días a Alcadesa, tras unha moción presentada por este grupo, e que se debatirá no pleno do vindeiro día 2 de marzo, na que se instaba ó

concello a que revisase o alumeado público da vila, porque é un feito e constantes as queixas pola escasa visibilidade, contesta en prensa que non entende porque presentamos esa moción xa que no pleno anterior se acordou solicitar a inclusión no POS deste punto, lóxicamente xoga a facer política, o cal é lícito, o que no é tan lícito é intentar desacreditar á oposición e menos aínda enganar ó pobo, porque se non o recorda Sra. Alcadesa o que nos pedíamos era unha revisión xeral do alumeado, e o que comprendería o POS sería tan só actuacións concretas no final da Avd de Lugo e final da rúa Lalín, sempre e cando, recorde, exista remanente. Sra. Alcadesa como dice o noso refraneiro donde papeis falan barbas calan.

CIDADÁNS DE GALICIA

Melide somos todos

Unha das acepcións que se pode atribuír á palabra cidadán é a de persoa que habita nun lugar como suxeito de dereitos políticos, que intervén activamente exercéndoos e que á súa vez está obrigado ó cumprimento de certos deberes. Polo tanto, no sentido amplo da palabra, cidadán é todo aquel que forma parte dun pobo ou cidade, pero o matiz significativo aparece cando tomamos conciencia desa realidade e nos sentimos parte esencial da mesma, o que implica participar activamente na vida social, económica, cultura, política, ... do núcleo poblacional ó que pertecemos.

MELIDE SOMOS TÓDOLOS CIDADÁNS que formamos parte activa del con independencia da situación social e económica na que nos encontremos e con independencia da ideoloxía política que adoptemos. Só temos que ser máis conscientes desta efectividade, e para iso é necesario que fagamos

valer libremente os nosos dereitos e cumprir coas nosas obrigas, pero sempre en igualdade de condicións. E este dereito farase patente cando tódolos nos impliquemos na labor, e recapacitemos sobre se estamos a facer o mellor para o noso pobo ou, pola contra, o que nos dicta unha conciencia social baseada no medo ó que poida pasar por discernir deses que non pensan como "cidadáns de Melide" senón no beneficio propio.

A sociedade do medo non debería ter cabida nos tempos que corren e se queremos facer de Melide un pobo para nós e os nosos fillos debemos empezar por liberarnos dese medo que, en definitiva, fai que sexamos menos libres para tomar decisións como cidadáns.

Os dereitos xa fai moito tempo que están recollidos nas normas escritas, agora depende de nós que se fagan valer como tales e que sirvan para facer de Melide un pobo mellor e un pobo con futuro.

PARTIDO POPULAR

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas e agardamos que en vindeiras edicións teñana a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar esta espazo, e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vial para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se están a suceder no municipio.

Ata entón, pedimos desculpas aos lectores de Cerne.

Cerne. Terra de Melide.

O prezo por metro cadrado de parcela calcúlase que rondará os 50 euros

Xestur prevé que a segunda fase do polígono esté rematada a final de ano

Unha empresa local pretende adquirir máis da metade do solo que se sacará a concurso

A segunda fase do parque empresarial da Madanela prevése que esté finalizada antes de que remate o ano. Así o anunciou o delegado provincial de Industria e presidente da sociedade pública Xestur, Luís Barcia, nun acto informativo organizado polo BNG melidense. Segundo indicou Barcia, a segunda fase, xa ideada no primeiro plan parcial requeriou unha actualización que Xestur estaba a piques de remitir ao Concello para a súa aprobación inicial; o paso previo necesario para poder licitar as obras e sacar a concurso as parcelas. O orzamento para a execución da segunda fase do parque da Madanela ascenderá a 1.675.000 euros, e calcúlase que as obras se prolongarán durante seis meses. Tanto Barcia como Socorro Cea incidiron en que esta segunda fase é a execución do proxecto deseñado hai xa unha década.

67.000 metros de solo

A execución da segunda fase do polígono dotará a Melide de 67.000 (50.272 se non se inclúen as parcelas para o concello) novos metros cadrados con fin industrial. Esta superficie que ocupa a segunda fase divídese ao seu tempo noutras dúas subfases das que a primeira abrangue 13 parcelas e as 4 de cesión obrigatoria ao Concello. Esta primeira subfase ocupa unha superficie de 20.927 metros cadrados. Dentro deste espazo, as parcelas



Barcia estivo acompañado por Socorro Cea e Antonio Díaz

ideadas oscilan dende os 1.129 metros a máis pequena, ata os 3.000 a maior. A segunda subfase da segunda execución do polígono correspóndese a 22 parcelas que ocupan 29.345 metros cadrados. O propio Barcia informou de que Xestur está estudando a posibilidade de vender toda esta subfase como unha única parcela. Segundo indicou o presidente de Xestur, unha empresa local está interesada en adquirir os preto de 30.000 metros cadrados para instalar un proxecto que podería funcionar como empresa motora na zona. Xestur está agora está valorando esa posibilidade, en función duns parámetros xa estipulados.

Prezo do metro

Outra dos datos que Luís Barcia transmitiu aos empresarios e veciños que asistiron á charla, foi o referente ao prezo aproximado ao que se venderá o metro cadrado. Xestur calcula que rondará os 50 euros en

todas as parcelas, unha cantidade que parte dos asistentes valoraron como elevada en relación ao desenvolvemento do propio parque empresarial. O presidente de Xestur atallou as valoracións lembrando que o prezo que se establece por metro cadrado estipúlase en función do custo que a propia operación supón para Xestur, e que en ningún caso atende intereses especulativos.

Fin da especulación

Precisamente para evitar operacións especulativas co solo industrial, como viña ocorrendo en moitas localidades, a nova fase do parque empresarial da Madanela estará afectada pola nova normativa sobre chan industrial. Os propietarios das parcelas disporán dun ano para presentar o proxecto de obra e de tres anos máis para executar o proxecto, en caso de que non sexa así, a parcela revertiría a Xestur co fin de evitar procesos especulativos.

Os sector empresarial pregunta xa pola terceira fase

A posibilidade de que un só empresario o cupe 22 parcelas causou certa preocupación en empresarios da vila, que recoñeceron o seu temor de que as parcelas restantes non sexan suficientes para atender a demanda. Deste xeito, preguntaron ao presidente de Xestur se podería ser posible unha terceira fase. Barcia non descartou este extremo, pero lembrou que é Vivenda quen debe ordear a súa execución, e que isto se fará en función da demanda. O BNG tamén subliñou que pedirá a terceira fase se non é suficiente coa segunda.

Compromiso de subsanar, na medida do posible, as deficiencias da primeira fase

Unha das cuestións polas que máis preocupados se amosaron os empresarios asistentes á charla, e entre os que se atopaba o presidente de ASETEM-CCA, José Antonio Rodríguez, foi a relativa aos servizos que se dotará as novas parcelas. Luís Barcia asegurou que *venderemos todas as parcelas dotadas de rede telefónica, enerxía e auga*. As deficiencias de servizos que afectan a parcelas instaladas en terreos da primeira fase e nalgũa zona da segunda xa executada ocasionou reiteradas protestas dos empresarios alí instalados, que carecen nalgúns casos dende rede de telefonía, ata a imprescindible rede de saneamento; unhas carencias denunciadas por ASETEM-CCA en repetidas

ocasións ante distintos organismos.

Barcia adquiriu o compromiso de que aproveitando a execución da segunda fase, Xestur tentará solventar as deficiencias da primeira, se ben, tamén lembrou, que *o que non se poderá facer é un polígono novo*.

Respecto da rede de saneamento, Barcia afirmou que deberá ser o Concello quen execute a depuradora, e que existe un compromiso verbal que se porá por escrito, para que esta infraestrutura se leve a cabo con tempo para que poida comezar a funcionar ao tempo que se remate a segunda fase do parque. Barcia dixo que Xestur se encargará da rede de depuración, e que deseñará o proxecto da depuradora.

O grupo do PP aprobou o concurso cos votos en contra de BNG e PSOE

O goberno municipal privatizará a residencia de anciáns por 25 anos

O BNG cré que deste xeito moitos melidenes non darán pagado unha praza no centro

O concello de Melide adxudicará a unha empresa privada a xestión da residencia de anciáns do municipio durante 25 anos. O grupo de goberno do Partido Popular aprobou na última sesión plenaria o prego para sacar a concurso a adxudicación da xestión cos votos en contra do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. De pouco serviu a radical oposición de nacionalistas e socialistas á decisión do grupo de goberno, que fixo valer a súa superioridade numérica para sacar adiante o concurso da residencia.

O PSOE afirmou votar en contra da privatización da residencia por 25 anos ao entender que deste xeito non se adapta á Lei de Dependencia, e que o prazo da adxudicación é excesivo. O PSOE propuxo ao goberno municipal postpoñer a saída a concurso da residencia, e dixo que a mellor opción era a integración do concello no Consorcio de Servizos da Xunta de Ga-



A residencia foi construída nos terreos doados polos Pais Pasionistas

licia, pois deste xeito sería a administración central a que xestionaría o xeriátrico. Ademais, segundo o PSOE, deste xeito paliaríase a falla de experiencia do concello á hora de saber xestionar unha infraestrutura desta índole. A concelleira socialista María Jesús Iglesias cualificou ademais a iniciativa como *precipitada e electoralista*.

BNG

Foi o Bloque Nacionalista Galego o grupo que se amosou máis crítico coa

privatización por 25 anos da residencia de anciáns. A voceira do BNG, Socorro Cea afirmou que coa privatización *estades a privar a moitos melidenes con pensións baixas de poder acceder a unha praza na residencia*. Cea prognosticou ademais que, segundo lle indicaron varios expertos, unha residencia desta características non é viable economicamente.

Pola súa banda a rexedora, Ángeles Vázquez, amparou a decisión do seu grupo de privatizar a residencia ale-

gando un non entendemento coa Xunta para entrar no Consorcio de Servizos, e a negativa deste a asinar un convenio específico con Melide, dixo. Vázquez afirmou que lle esixira á Vicepresidencia que os primeiros en poder acceder á residencia foran os melidenes, e que se clarificara a situación na que quedaría a escola infantil.

Pola súa banda, Cea replicoulle a Vázquez que se o Consorcio xestionara a residencia, os primeiros en acceder á residencia serían

Melide terá 5 das 74 prazas para a xente con menos recursos

A concelleira do BNG, Socorro Cea, insistiu en que coa privatización da residencia se está a pechar a porta aos melidenes con menos recursos. Para rebatila, Vázquez lembrou que agarda que o concello conte coa axuda do cheque asistencial, e con prazas reservadas. Tamén dixo que o Concello disporá dun total de 5 prazas para adxudicar aos veciños con menos recursos. A residencia, ubicada sobre un terreo doado ao Concello polos Pais Pasionistas, construíuse con cartos públicos.

en todo caso os melidenes, e sobre todo, os melidenes con menos recursos. E insistiu en que os altos custos da residencia privada impedirá que moitos maiores con poucos recursos poidan acceder a ela.

Boa parte do debate plenario transcorreu coa insistencia de Cea en que a rexedora melidense lle expuxese as vantaxas dunha residencia privada fronte a unha dependente da Xunta, un extremo que Vázquez non satisfizo, ao entender dos nacionalistas.

**Recibe
Cerne no
teu fogar**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso**



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA)**

Telf.: 981505468

HC
Hotel Carlos '96

**RESTAURANTE
CAFÉ - BAR**

**BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS**

Tfno.: 981 50 76 33

Fax: 981 81 53 12

Avda. de Lugo, 119

15800 MELIDE (A Coruña)

e-mail: hc96@wanadoo.es

Expuxéronse ao público as listas de beneficiarios das vivendas protexidas

Dende o 3 de febreiro ao 3 de marzo na casa do concello de Melide e na delegación provincial de Vivenda expuxéronse ao público as listas definitivas dos 20 adxudicatarios das vivendas de protección pública promovidas pola consellería de Vivenda e Solo en Melide. Os interesados que se sentiron perxudicados tiveron a posibilidade de presentar reclamacións. Unha vez resoltas as posibles reclamacións, exporáanse listas definitivas, xa en firme, para posteriormente entregar as vivendas.

EN BREVE

O BNG pide o acceso á documentación sobre Radio Melide | O BNG vén de pedir novamente o acceso a documentación relativa ás contas da radio municipal entre os anos 2000 e 2002. O Tribunal Supremo fallou en 2005 a favor do BNG logo de que o anterior alcalde, Miguel Pampín, negase a posibilidade de ollar a documentación, lembra o BNG.

Os ingresos municipais non son suficientes para pagar os gastos correntes e dos préstamos

Melide pechou a conta xeral do 2005 con resultado negativo

O BNG reclama xa un plan de saneamento financeiro para as arcas do Concello

A situación financeira que atravesará o concello de Melide é, cando menos, complexa. O pasado 7 de febreiro tivo lugar a comisión especial de contas á que asistiron o grupo de goberno do PP, e o BNG local. Alí, deuse conta dos resultados económicos do 2005, no que o concello pechou a conta xeral cun resultado de -785.525,74 euros. Este é o segundo ano consecutivo que o concello de Melide pecha con datos negativos a súa conta xeral.

Para poder reducir o déficit municipal e o desequilibrio existente entre gastos e ingresos, o BNG pediu ao grupo de goberno a elaboración dun plan de saneamento financeiro, unha solicitude que xa plantexara o ano pasado, e que coincide coa recomendación feita pola propia interventora municipal. A interventora, no seu informe, puxo de manifesto a necesidade de adoptar medidas correctoras para regularizar a

situación e sanear a economía municipal, engade ademais, que *ata o de agora non se adoptaron medidas correctoras ningunha*, a pesar de que o ano 2004 tamén pechou cun resultado negativo.

O remanente da tesourería melidense para gastos xerais arroxou un resultado negativo de -1.539.487,19 euros, unha cifra que supera amplamente os datos, tamén negativos do 2004, cando o remanente fora de -860.941,19 euros.

Máis gasto ca ingreso

Así as contas, e segundo os datos facilitados polo Bloque Nacionalista Galego melidense, o aforro neto do concello tamén resulta negativo en -120.034,35 euros, o que indica que os ingresos municipais non son suficientes para pagar os gastos correntes e os derivados dos préstamos bancarios, sendo obrigatorio entón a aprobación dun plan de saneamento finan-



O Concello de Melide gasta máis do que ingresa

cierio antes de tres anos. Ao ser superiores os gastos cós ingresos, o Concello tamén incumpriu a lei de estabilidade financeira, sendo así obrigatorio a elaboración dun plan económico-financieiro corrector antes de tres meses.

Valoracións

A voceira do BNG en Melide, Socorro Cea, incidiu en que os resultados da xestión económica do PP deixan un concello endebeda-

do que gasta máis do que ingresa e que vai a obrigar a poñer en marcha plans de saneamento das contas municipais.

Coincide Cea coa interventora en cualificar de precaria a situación económica do concello, e a falta de liquidez. Recomendándose no propio informe de intervención a eliminación, ou canto menos, contención de todo gasto corrente que non sexa absolutamente imprescindible.

Medio Rural investirá 250.000 euros en reparar a Ponte Mazaira

A consellería de Medio Rural que dirixe o nacionalista Alfredo Suárez Canal investirá 250.000 euros no proxecto de reparación de Ponte Mazaira, que une Melide e Toques. Así o anunciou o deputado do BNG Fernando Blanco na súa visita para explicar á Asociación de Troiteiros Río Furelos os pormenores do proxecto.

Foi precisamente a asociación de troiteiros melidense a que intercedeu e reclamou a atención das institucións para conquistar o proxecto de arranxo da ponte,

un feito que o presidente do colectivo, Xabier Pazo, cualificou como *paso importante despois de máis de doce anos de abandono total*.

Os arranxos

O proxecto para Ponte Mazaira inclúen a construción dunha nova ponte de 36 metros de ancho coas súas varandas de protección, e o asfaltado dos camiños de acceso polas dúas marxes.

Permisos

Doutra banda, o pasado

mes deuse a coñecer que a Asociación de Troiteiros Río Furelos xestionará a concesión dun tercio dos permisos asignados pola consellería de Medio Ambiente ao coto de pesca do Furelos. Isto supón que será o colectivo melidense o encargado de repartir entre os seus socios dous dos seis permisos de pesca autorizados para os martes, mércores e venres, e 5 dos 15 que se permiten os sábados, domingos e festivos. Esta medida comezará a aplicarse xa esta tempada, que comezará o 18 de marzo, e



Medio Rural destinará 250.000 euros a reparar a ponte

se prolongará ata o 15 de agosto. Para a concesión dos permisos, a asociación fará un sorteo entre os socios que demanden poder pescar en cada día determi-

nado.

Coa reserva dos permisos, o colectivo atalla o malestar amosado o ano pasado polo reparto dos cotos os primeiros días da tempada.

A candidata amosouse confiada en que o seu partido governe Melide

Quintana arroupou a Cea na súa presentación como candidata á alcaldía

Os nacionalistas melidenses estiveron acompañados dun bo número de cargos do partido

O 23 de febreiro tivo lugar en Melide a presentación oficial de Socorro Cea como candidata á alcaldía polo BNG, na que será a súa segunda tentativa como cabeza de lista. Máis de 400 persoas acudiron ao acto no que a candidata local estivo arroupada por un bo número de cargos do BNG, entre os que se atopaban o vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e o vicepresidente da Deputación de A Coruña, Xaime Bello. Tanto os dous mandatarios como a concelleira melidense Concha Castro interviron no acto e destacaron a entrega e loita constante de Cea en prol dos intereses de Melide e dos melidenses.

Anxo Quintana, que dixo estar deixando escapar para Melide a unha das súas mellores colaboradoras, afirmou que este é o momento de que Melide se suba ao tren do cambio, e seguro que os melidenses non perderán esta oportunidade. O vicepresidente abundou en que con Cea como alcalde-



Os vicepresidentes da Xunta e da Deputación loubaron o traballo desenvolvido por Cea

sa Melide terá políticas pensadas para a xente, e salientou que en canto Cea sexa rexedora, a Xunta porá en marcha a residencia de anciáns e un centro de día, posto que ela si será unha alcaldesa disposta a colaborar coas institucións.

A candidata

Socorro Cea presentouse ante os veciños urxindo un cambio para Melide. A candidata nacionalista fixo un repaso do traballo desenvolvido polo BNG na opo-

sición nos últimos catro anos, e dos logros acadados sen estar no goberno, tales como as reparacións das vivendas de protección oficial, o proxecto para a estrada Melide- Ribadulla ou a segunda fase do parque empresarial, dixo.

Cea salientou que a xente será a miña prioridade, porque quero un concello que aposte polo benestar da xente. Lembrou as carencias municipais en materia de concentración parcelaria, traídas de auga e saneamentos, e afirmou

que o BNG está en disposición de recuperar o tempo perdido polo actual goberno, que se adicou a levar a cabo obras faraónicas gastando no pazo de congresos e na casa da cultura varios millóns de euros.

Cea dixo non estar asustada pola preocupante situación financeira do Concello, que achacou a unha pésima xestión, e incidiu en que me da aínda máis ganas de frear o endebedamento.

Para acadar unha política do sentido común, Cea dixo que o BNG ten previsto fa-

AS FRASES:

O BNG é a forza que máis pode facer por Melide. Ofrece seriedade, eficacia e utilidade

S. Cea

Para nós o primeiro é atender as necesidades básicas como a residencia, a sanidade, o solo industrial para que os máis novos non marchen, a auga, as melloras no río Furelos e as infraestruturas deportivas

S. Cea

cer políticas pensadas para a xuventude, apoiar sen excepción a todo o comercio da vila, e non só a un sector, como está pasando agora, así como poñer en marcha actuacións de apoio aos colectivos culturais, sociais e deportivos que operan en todo o municipio.

Cea, que se amosou plenamente confiada da vitoria do BNG, lembrou que o Bloque contará co respaldo de Deputación e as consellerías nacionalistas para sacar adiante a Melide.

net.
informática

- VENTA DE ORDENADORES
- SERVICIO TÉCNICO PROPIO
- PROGRAMAS PARA EMPRESAS
- REDES E INTERNET
- CURSOS DE INFORMÁTICA

Teléfono e Fax: 981 50 53 08
Avda. de A Habana, 35
15800 Melide (A Coruña)
info@netmelide.com

Recibe
Cerne no
teu fogar

Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso



Horario:
de Martes a Venres:
Mañanas de 9 a 13
Tardes de 15.30 a 22
Sábados: 9 a 21

Tel. Reservas:
981 506 003
617 178 758

e-mail: a.contrapelo@telefonica.net
Melide
Rda. de Hugo, 2-1º

Na presentación, a rexedora resumiu os fitos do seu mandato sen desgranar o seu programa

Angeles Vázquez concorrirá por primeira vez á alcaldía de Melide

A actual alcaldesa dixo que é ela quen goberna Melide, e non Miguel Pampín

Angeles Vázquez, actual rexedora de Melide, concorrirá nas vinderias eleccións como cabeza de lista do Partido Popular. Esta será a primeira vez que a alcaldesa se someta á vontade dos votantes, posto que foi nomeada rexedora da corporación trala renuncia de Miguel Pampín á alcaldía.

No seu acto de presentación como candidata exerceu como mestre de cerimonia o seu predecesor no cargo, Miguel Pampín, que loubou a súa *capacidade e entrega*. Alfonso Rueda, secretario do PP rexional tamén interviu no acto. Fíxoo para pedir o voto para o Partido Popular, e afirmando que *poñería a man no lume por Ángeles*. Tanto Pampín como Rueda aomosáronse confiados na vitoria do PP, e tentaron evitar calquera síntoma de preocupación



Vázquez encabezarará por primeira vez a lista do PP en Melide

electoral amparándose en enquisas que lles outorgarían a maioría.

A intervención da candidata do Partido Popular á alcaldía de Melide estivo marcada por un recordatorio das axudas que a alcaldesa conqueriu para Melide nos seus tres anos no goberno municipal. A rexedora afirmou que *adiqueime a traballar, e non a venderme*. Así mesmo, fixo unha

dura crítica dos gobernos actuais da Xunta de Galicia (PSOE e BNG) e da Deputación da Coruña (PSOE e BNG) afirmando que abandonarían a Melide.

Tamén tivo palabras para os partidos da oposición no concello, e os seus rivais na carreira pola alcaldía de Melide. Vázquez acusou á nacionalista Socorro Cea de non mirar polos intereses de Melide dende o seu

cargo como deputada provincial, e respecto aos socialistas afirmou que *con todos os meus respectos para o PSOE, a nivel político en Melide son cero*.

Traballo

Vázquez na súa intervención afirmou que *estou algo orgullosa do traballo que levo feito, pero aínda pode facer moito máis. Ofrezco traballo, constan-*

O goberno inaugurará varias infraestruturas en plena precampaña

O actual goberno melidense prevé inaugurar varias infraestruturas no municipio en plena precampaña electoral. A propia Ángeles Vázquez afirmou durante a súa intervención do pasado 2 de marzo, que *a residencia vaise inaugurar antes das eleccións, eso corre da miña conta*, e aproveitou para criticar o papel da Vicepresidencia da Xunta na súa apertura. Tamén informou a rexedora que de aquí ás municipais do 27 de maio se inaugurará a depuradora.

cia, honradez e ser persoa. A actual rexedora dixo que presentaba *un equipo fiel e un programa real*, se ben na súa intervención, non fixo referencia aos proxectos de futuro para o concello nin desgranou as prioridades que se marca o PP para o futuro do municipio. Ángeles Vázquez tamén insistiu en que é ela quen goberna Melide, e non Miguel Pampín.

A rúa opina...

Plantexámoslle á xente da rúa cuestións de interese vencelladas á actualidade na comarca para darlle a palabra aos auténticos protagonistas: os veciños.

1. Crés que a iluminación da vila de Melide é deficiente?

2. Crés que hai rúas nas que é urxente a mellora da iluminación?



Miguel Rodríguez

1- A iluminación está moi mal. Nos pasos de ceбра non ves nin á xente. Ademais, moitas veces córtase a luz por rúas para iluminar outras.
2- Son todas urxentes porque hai que melloralas todas, pero polo menos o Cantón de San Roque e a Rúa do Progreso que se melloren canto antes.



Mari Carmen Peteiro

1- A iluminación é moi deficiente. Cando vas pola vila e chove, non ves para nada nin as liñas da estrada. Ademais, con máis luz pode que se poideran evitar máis accidentes.
2- Están mal iluminadas todas en xeral, pero por exemplo a avenida de Lugo necesita unha mellora urxente.



Carlos Veiga

1- Eu creo que hai rúas que teñen iluminación de máis, e outras de menos, dependendo de cales sexan. Hai moita no centro, e pouca nas rúas máis secundarias.
2- Por exemplo na rúa da Martagona hai unha farola cada non sei cantos metros, e non ves nada.

Cidadáns de Galicia inaugurou a sede do partido en Melide

Javier López estivo acompañado do presidente do partido

Cidadáns de Galicia, a última forza política en anunciar que concorrirá ás vindeiras municipais, inaugurou a súa sede en Melide. Javier López, que encabezará a lista electoral de Cidadáns de Galicia, exerceu como anfitrión xunto co presidente do partido, Adolfo Reymóndez.

No discurso de presentación, López, que xa anunciara a súa candidatura no acto de presentación do partido, expuxo o seu compromiso co pobo de Melide, e amosou a súa intención de defender os intereses dos melidenses. O candidato á alcaldía fixo fincapé en que *é hora de que o pobo sexa gobernado por outra xente e con outras ideas*, e aludiu á deixadez dos gobernantes, *que puxeron trabas para que Melide dera un paso adiante*.

Reymóndez lembrou o compromiso de Javier López con Melide, e anunciou que Cidadáns elaborará o



Reymóndez e López inauguraron a sede do partido

seu programa electoral coas inxerencias dos cidadáns. Dixo que Melide se xoga moito nas municipais, e Javier é a *persoa idónea para liderar o futuro goberno do concello*. Segundo indicaron no acto de inauguración, a sede do

partido permanecerá aberta de luns a venres, a partir das sete, para atender as inxerencias dos veciños. Tanto o presidente do partido como o candidato amosáronse confiados de obter un bo resultado electoral nas municipais.

A Unidade de Acción Formativa comeza a impartir catro novos cursos

A Unidade de Acción Formativa de Melide comezou a impartir xa dous novos cursos, e en breve, o 5 de marzo, darán comezo outras dúas disciplinas. O centro formativo comezou o 26 de febreiro a impartir en horario de mañá o curso de Cocineiro, e en horario de tarde o de Auxiliar de enfermería en xeriátría.

Ademais dos cursos que xa se iniciaron, na primeira semana de marzo está previsto que den comezo as clases do curso de Camareiro de restaurante-bar, que soe iniciar a súa andaina con prazas vacantes. Tamén se impartirá, en horario de mañá o curso de Auxiliar de axuda a domicilio.

A Unidade de Acción Formativa melidense impartirá tamén este ano o curso de Azafata-auxiliar de congresos, que se impartirá a partir da última semana do mes de xuño. A outra modalidade que xa ten data é a de Coidados a enfermos de Alzheimer, que se impartirá a partir do vindeiro mes de setembro.

Sen data

A programación da UAF de Melide para o ano 2007 inclúe tamén outros dous cursos sen data fixada aínda. Trátase do curso de Celador sanitario, e do de Dependente de comercio. Para poder acceder aos cursos que imparte a Unidade de Acción Formativa de

Melide, situada na rúa Doutor Fleming, é preciso ter entre 15 e 65 anos e ser demandante de emprego e solicitar o curso ou cursos na oficina de emprego de Melide.

Ademais da asistencia ao curso, os alumnos teñen a posibilidade de acceder a axudas económicas durante a realización do curso que poden ser en moitos casos compatibles coas axudas de manutención e aloxamento. Para ter acceso a máis información, os desempregados interesados en inscribirse nos cursos que se impartirán na Unidade de Acción Formativa de Melide poden acudir directamente ao centro, situado a carón do centro médico.

O PSOE reclama un maior control sobre o alumeado

O PSOE melidense reclamalle ao Concello un maior control sobre o alumeado público da vila e do parque empresarial. Segundo expoñen os socialistas de Melide, en xaneiro déronse casos nos que o alumeado do polígono empresarial estivo máis de 24 horas seguidas funcionando, co seu consiguiente gasto *nunha economía tan pouco saneada como por desgracia é a do noso concello*, dín os socialistas. Engaden ademais que en xaneiro, durante varios días, o alumeado da vila funcionou dende as 15 horas.

Resposta

Outra das cuestións clare-

xadas polo PSOE local é a relativa á revisión do alumeado público. Os socialistas lémbranlle ao goberno local que as melloras contempladas no Programa de obras e servizos da Deputación só abranguen a Avenida de Lalín e o tramo final da Avenida de Lugo, unhas melloras que só se levarán a cabo se existe remanente no referido plan, apuntan os socialistas. Destacan tamén que a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, *parece esquecer, ou descoñecer, que aínda é peor, o alcance de ditas melloras*, tralas súas declaracións respecto á moción presentada polo PSOE de Melide.

Os arranxos da piscina climatizada calcúlanse en máis de 200.00 euros

Arranxar a piscina climatizada de Melide requirirá un investimento de preto de 200.000 euros. Así o indicou o grupo de goberno melidense nun pleno extraordinario celebrado o pasado 7 de febreiro. Na sesión informou de que o arranxo da cuberta, deteriorada tralo temporal do mes de decembro, pode requirir un investimento de preto de 130.000 euros. A esta cantidade haberá que

sumarlle ademais o arranxo dos desperfectos que sofre o edificio no seu interior, e que se calculan en máis de 100.000 euros. No pleno o grupo de goberno local tamén informou do arranque das obras esa mesma semana. Tanto PP como BNG acordaron remitir un novo escrito á Deputación para que inste á empresa construtora a asumir os gastos derivados das reparacións.



Tfno.: 981 50 56 12 - C/.Vispo Varela Fondevila, 7
15800 MELIDE (A Coruña)

O ente fiscalizou os exercizos 2003 e 2004 descubriendo pagos irregulares

O Consello de Contas destapa irregularidades nas contas de Toques

O informe fai fincapé en cuestións relativas ao persoal, e aos tribunais de oposición

O concello de Toques incurriu durante os exercizos 2003 e 2004 en reiteradas irregularidades, segundo conclúe o informe fiscalizador levado a cabo polo Consello de Contas de Galicia sobre ditas anualidade. O organismo remitiu o pasado mes de xullo un informe sobre as contas e procedementos levados a cabo dende o Concello no que resaltan notables faltas de axuste á legalidade por parte do órgano que rixe o municipio.

Entre as conclusións do informe de fiscalización, destacan as irregularidades recollidas en materia de personal. Segundo o Consello de Contas, o Concello incurriu en irregularidades no pago de gratificacións ao persoal funcionario, así como na reclasificación do seu complemento de desti-



Ferro lembroulle ao equipo de goberno as conclusións informe do Consello de Contas

no e incremento do complemento específico. Respecto ao persoal laboral, tamén se constataron incrementos anuais de soldo superiores aos establecidos por lei para o 2004. O informe incide tamén na elevada temporalidade da plantilla municipal, e na carencia de persoal laboral fixo. Destapa ademáis a cobertura irregular da vacante temporal do secretario-interventor, e da a

razón á oposición toquense no relativo aos tribunais de oposición. No informe do Consello recóllese que os procedementos de selección do persoal son irregulares en canto a composición dos tribunais, ao ser eminentemente política, e en canto ao sistema de avaliación dos candidatos.

As irregularidades detectadas polo Consello de Contas no Concello de Toques van máis aló do apartado de

persoal, posto que nas conclusións do informe detéctanse ademáis irregularidades na contratación dos servizos de limpeza e no de recollida do lixo, así como a imputación de facturas do bar da piscina municipal á contabilidade municipal de operacións extraorxamamentarias. Ademáis, segundo o informe do Consello de Contas, non constan nin a adxudicación nin a licenza do bar.

O Concello adxudicou a unha única empresa 1.928.947 euros en obras en seis anos

Outra das conclusións que destaca o Consello de Contas na fiscalización do Concello de Toques é a relativa á concentración de adxudicación de obras nunha soa empresa. Segundo o informe, unha firma contratou obras co concello por valor de 1.928.947 euros dende o ano 1998 ata o 2004, sendo adxudicataria nos exercizos 2003 e 2004 de 321.185 euros en concepto de obras.

O Consello destaca no seu

informe un *uso abusivo e contrario a dereito*, do procedemento negociado sen publicidade por razón da contía.

Tamén inclúe o informe, que o contrato coa empresa adxudicataria da redacción do PXOM incrementou o seu prezo orixinario nun 38% sen que existan informes xurídicos e técnicos referentes a esta modificación. Ademáis, a empresa adxudicataria ten dende 1994 o servizo técnico urbanístico.

O informe urxe cambios nos procedementos, e Ares dí estar disposto a corrixilos

As conclusións do Consello de Contas que botan por terra a xestión que se fixo nos exercizos 2003 e 2004 en Toques acompañanse dunha serie de recomendacións que inclúen o reforzo dos mecanismos de control interno para cumprir coa lexislación vixente; o axuste á legalidade das retribucións do persoal do Concello; ou o seguimento dos procesos de adxudicación de subvencións, outro dos apartados que, segundo informe, non

se cumpre en Toques. Ante estas conclusións do Consello, no pleno extraordinario solicitado pola oposición, o alcalde, Jesús Ares, afirmou *estar disposto a corrixir os posibles erros*.

O informe destaca tamén que as deficiencias detectadas impiden ter unha imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do Concello e que de axustarse á realidade, os dous exercizos serían negativos.

A suspensión de licenzas de obra concluíu o pasado mes de novembro

Unha das cuestións plantexadas pola oposición de Toques no pleno extraordinario celebrado en febreiro xirou sobre a suspensión de licenzas de obra. Segundo indicou o alcalde, Jesús Ares, a suspensión do outorgamento de licenzas rematou o 24 de novembro logo de que transcorrer o prazo estipulado por lei.

Plan Xeral

Segundo indicou o rexedor toquense a través das palabras da secretaria, a Comisión de Patrimonio xa remitiu o seu informe favorable respecto a plan xeral de ordenación. O concello prevía incorporar novos informes técnicos e xurídicos precisos para poder levar a pleno de novo o plan, con vista a remitilo á Xunta para a súa aprobación definitiva.

Oposición e veciños teñen limitado o acceso a documentos públicos

O pasado 16 de outubro os votos do grupo de goberno sacaron adiante unha resolución pola cal se prohibe a concelleiros e veciños examinar todo tipo de expedientes e documentos públicos de carácter municipal, salvo se está presente o titular da secretaria. A oposición solicitou a retirada desta norma *inconstitucional*, pero Ares amparouse en que se trata dun xeito de regular o acceso aos expedientes para non suprimila.

Os actuais concelleiros abandonan a agrupación independente, que se descompón

Ferro e Penas encabezarán a lista electoral do BNG en Toques

Os nacionalistas agardan acadar a máxima representación

posible nos comicios

Manuel Ferro e José Ángel Penas, concelleiros na actualidade por Independentes de Toques, concorrirán ás vinderias eleccións municipais encabezando a candidatura do BNG no concello de Toques. Así o anunciaron no transcurso dunha rolda de prensa na que expuxeron os motivos da súa integración na lista nacionalista. Segundo indicou Manuel Ferro, *a incompetencia do actual alcalde para xestionar a corporación impide que se leve a cabo unha xestión digna*, que os concelleiros de Toques queren atallar encabezando a lista nacionalista. Ferro insistiu na falla de *ilusión, ganas e capacidade* do grupo de goberno actual, amparada nun rexedor que leva 25 anos no mandato.

O candidato nacionalista á alcaldía defendeu o proxecto do BNG de Toques resaltando que se trata *dunha lista capacitada e con moi-*



Ferro e Penas anunciaron en rolda de prensa a súa candidatura polo BNG

ta ilusión. Ferro esbozou os principais atrancos que, ao seu entender, afectan a Toques, e que concretou nun certo atraso económico e social, o avellentamento da poboación, a carencia absoluta de información, e nunha política de corte personalista. Fronte a esta análise actual, Manuel Ferro apostou por unha política que explote a capacidade económica e forestal de Toques, pola rehabilitación dos núcleos rurais mediante a execución de saneamentos e infraestrutura, a-

sí como na potenciación dun turismo rural de calidade. O futuro candidato á alcaldía insistiu na importancia da relación Melide-Toques, e na necesidade de mellorar os accesos entre os dous municipios.

Espectativas

A candidatura do BNG en Toques ás municipais arrinca co obxectivo de conquistar a máxima representación posible. Roberto Mera, responsable de política municipal do BNG, afirmou durante a presentación

da candidatura que *Ferro e Penas, dentro do BNG, conseguirán reilusionar a xente de Toques e transmitir-lles que o concello ten futuro.* Mera referiuse tamén ao desgaste do goberno municipal actual tras 25 anos de poder, e ratificou a confianza do BNG na candidatura por Toques.

Pola súa banda, José Ángel Penas afirmou que existe un bo ambiente e confianza dentro da xente que integrará a lista electoral do BNG en Toques nas vindeiras eleccións municipais.

Tribuna Aberta

DANIEL ROIBÁS
VÁZQUEZ

Carta

Porque algúns veciños de Santiso están descontentos coa pouca, e moi deficiente información, e por tratarse dun colectivo, precisamente necesitado, como son os enfermos, dependentes, discapacitados... Quero como veciño interesado en axudar facendo ben ós demais, sobre todo ós máis necesitados que así mo demanden, mandar esta carta aberta para difundir e pedir que tomen nota a quen lle corresponda.

No Concello de Santiso parece que non hai responsables do goberno municipal, xa que nunca se publica ningunha información sobre prestacións ou convocatorias que van saíndo doutros organismos. Por exemplo:

Sáron os turnos dos balnearios 2007 coas datas de solicitude para os dous turnos, e os veciños de Santiso enterámonos polos anuncios que puxeron noutros concellos, porque neste non dixeron nada.

Por parte do INSERSO saíron as prazas convocadas para os que quixeran participar do teralismo social. ¿Por qué non avisaron os responsables de Santiso?

Eu non entendo como pode pasar esto, que sepan todos os necesitados que poden contar coa miña incondicional axuda, denunciaremos estes fallos dos responsables municipais aló donde faga falta moveremos por todas estas causas xustas, sempre que sexa necesarios.



Máis de vinte persoas están a tomar parte na organización da festa

Tres orquestras participarán na primeira gran festa da xuventude de Visantóna

París de Noia, Costa Oeste e Philadelphia, tres das mellores orquestras galegas, son as formacións que amenizarán a primeira festa da xuventude organizada pola mocidade de Visantóna. Será o 30 de marzo, e ademais de música, contarán con postos de churrasco e polbo.

Preto de 30 persoas están a colaborar na organización da festa, unha idea que xurdiu dos propios mozos da zona hai xa tres anos, pero

que por diferentes motivos non se deu levado a cabo ata o de agora.

Os organizadores traballan cun orzamento de 12.000 euros que se está a xuntar con colaboracións desinteresadas, e sen axudas de institucións ou organismos. A idea dos impulsores da festa é que teña continuidade no tempo, e para iso agardan que a noite do 30 de marzo se xunte un bo número de xente en Visantóna.

ASETEM-CCA convoca para o día 15 aos interesados na tarxeta de fidelización

O 15 de marzo ás 21 horas celebrárase na sede de ASETEM-CCA unha nova xuntanza cos comerciantes melidenses interesados na tarxeta de fidelización do comercio. Na reunión perfiláranse cuestións relativas ao canxe de puntos, así como as referentes á participación final no proxecto.

A Federación de Autónomos e o IGAPE subvencionan a compra de ordenadores portátiles

Os autónomos das pemes galegas poden acollerse ao proxecto *Autónomos On Line* promovido pola Federación Galega de Autónomos e subvencionado polo IGAPE. A iniciativa inclúe a subvención dun 38% na compra dun ordenador portátil, así como o 100% da realización dunha páxina web, o dominio, as contas de correo e o aloxamento durante un ano.

Para máis información, poden dirixirse a ASETEM-CCA, na que os interesados tamén poderán facer a súa solicitude. De haber varios asociados, a Federación de Autónomos non descarta a organización dunha xuntanza informativa. A adxudicación das subvencións para os participantes establecérase por rigurosa orde de petición.

ASETEM-CCA organizou unha cea de confraternidade para entregar os cheques

Os comerciantes entregaron os premios da campaña de Nadal

Arredor de 60 persoas, entre premiados e comerciantes, participaron no acto

Unha cea celebrada no Hotel Carlos '96 de Melide serviu de marco para a entrega dos premios da campaña de Nadal. O teu centro comercial está en Melide, organizada por segundo ano consecutivo pola Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto. Preto de 60 persoas, entre comerciantes, hostaleiros, premiados e representantes de ASETEM-CCA participaron na cea, que incluíu o acto de entrega dos premios. A campaña, que se desenvolveu ao longo do mes de decembro, contou con preto de medio cento de comerciantes melidenses participantes, e repartiu 6.250 euros distribuídos en 20 premios.

Os premiados disporán de 15 días para gastar nos comercios participantes na campaña a cantidade que recibiron. Deste xeito, o comercio melidense premia a fidelidade dos clientes que apostan polo comercio tradicional, ao tempo que reverten nos propios establecementos os premios.

Agradecementos

Durante o acto de entrega dos premios, a vicepresidenta da Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto, Sonia Valiño, agradeceu a todos os presentes a súa participación na campaña, xa fora como comercio, ou como clientes. A vicepresidenta do colectivo transmitiu a satisfacción de ASETEM-CCA polo éxito



Un total de 60 persoas acudiron ao acto de entrega dos premios



José Antonio Rodríguez e Sonia Valiño, agradeceron a participación da xente

da campaña no segundo ano que a organizamos dende a asociación, e dixo que esperamos seguir traballando e apostando polo noso comercio. Porque entre todos, respaldando o

comercio, estamos a construír pobo.

Durante o acto de presentación, todos os premiados que asistiron á cea recibiron de mans dos establecementos que repartiron os

premios os correspondentes cheques regalo. Tanto comerciantes como premiados amosáronse satisfeitos coa campaña organizada co gallo da época de Nadal.



Kandela Moda entregou un premio de 100 euros a María Pilar Martínez



Xoiería Roval entregou un premio de 100 euros a María Luz Loureiro



Librería Victorio entregou un premio de 100 euros a Bárbara Milagros Morales



Mobles Ares entregou a José Manuel Vidal un dos premios de 100 euros



Xoiería Roval entregou un premio de 250 euros a María Teresa Guerra



Electrotel 2000 entregou un dos premios de 250 euros a Amalia Ledo



Ribeirao SL entregou a Mercedes Balado un premio de 250 euros



Silvia Novias entregou un premio de 500 euros a Carmen Consuelo Cancela



Librería Victorio entregou a Amelia Rodríguez un dos premios de 250 euros



Perfumería Lyss entregou a Eva Platas un dos premios de 250 euros



Mercería Marvi entregou a Mercedes López o premio de 1.000 euros



O premio de 1.500 euros entregouno Perfumería Lyss a Dolores Fernández

Os áridos extraídos na canteira suministran material para as vías do AVE

Canteras de Richinol: dúas décadas formando parte de Melide

O volume medio de produción achégase ás 500 toneladas por hora

No ano 1986 a empresa lalinense Canteras del Arenal desembarca en Melide, unha vila cun desenvolvemento industrial en cernes, e que se perfilaba como unha opción de futuro para os concellos da súa área de influencia. Nese momento, a empresa lalinense, fundada no 1965, comeza a desenvolver un proxecto industrial chamado Canteras de Richinol, e que hoxe en día é un dos referentes do sector a nivel galego, e mesmo español. Ao longo das últimas dúas décadas Canteras de Richinol, que medrou da man e baixo a dirección de Canteras de Arenal foi medrando e ampliando a súa superficie de explotación na zona que da nome á empresa, o Richinol. Na actualidade, a superficie xa explotada pola canteira supera os 278.800 metros cadrados.

A canteira do Richinol é unha explotación a ceo aberto situada na ladeira dun monte, e que se explota en bancos de 10 metros de alto. Aínda que a zona ofrece unha certa variedade de rochas, a principal é a anfíbolita, unha materia prima que, unha vez sometida a procesos de moenda e selección, se destina a usos como a elaboración de formigóns, a construción de estradas, de regos asfálticos, ou á preparación de firmes e vías férreas.

Precisamente os fabricantes de formigóns, construtores de obra civil e pública e as empresas adxudicatarias das obras de RENFE atópanse na carteira de clientes de Canteras de Richinol dende hai moitos



Imaxe aérea da canteira de Richinol, nas inmediacións de Melide



A produción da canteira ronda as 500 toneladas por hora

anos. A calidade do material que Canteras extrae e procesa en Melide valeulle ser unha das poucas explotacións homologadas por RENFE para o suministro de basalto. As excelentes calidades deste material e o esmero e coidado proceso ao que se somete no Richinol fan que estes áridos sexan especiais para a fabricación de aglomerados de capas de rodadura

de estradas e vías de RENFE, tanto para as de velocidade convencional, como para as esixentes vías que require a alta velocidade do AVE. Para garantir a empresas e clientes as máximas garantías, Canteras de Richinol conta cun certificado de calidade ISO 9.000 e cun marcado CE de áridos que acreditan a calidade do material que suministra a explotación asen-

tada dende hai dúas décadas en Melide.

Produción

As dúas plantas de fabricación das que Canteras de Richinol dispón en Melide producen á hora unha media de 500 toneladas. A pesar do elevado ritmo de explotación da canteira, as estimacións apuntan a que aínda hai reservas de rocha para outros 60 anos.

Un coidado proceso de produción e clasificación dos áridos


O proceso de produción ao que se Canteras de Richinol somete o material dende a súa extracción ata a súa comercialización iniciase coa retirada da capa superficial de terra que cubre a propia rocha, e á que segue o arranque dos bloques de pedra, levado a cabo coa axuda de explosivos. As retroescavadoras de Canteras de Richinol encárganse entón de cargar o material nos camiións especiais para o transporte, que achega o material ás prantas de tratamento. A canteira melidense dispón de dúas plantas, unha de vía húmida e outra de vía seca na que se procesa a materia prima seleccionando o material bo, e separándoo do estéril.

As plantas de machaqueo e moenda son o seguinte paso que atravesará o material previamente seleccionado, que logo será cribado e lavado, na planta de vía húmida, para a súa posterior clasificación.

A granulometría será o elemento que determinará a súa utilización como árido nun ou outro campo do material xa tratado. E é que dependendo do calibre de cada árido, o material servirá para un ou outro fin.

Para acadar o nivel de extraccións ao que se atopa na actualidade a canteira do Richinol, a empresa conta cun amplo equipo humano integrado por 20 traballadores directos, aos que se suman outros 30 empregos indirectos que xera a dinámica da canteira. Mecánicos, transportistas ou empresas de perforación e voladura sostéñense da man da canteira.

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA





Núñez recibiu unha praca durante a homenaxe

O cura de A Ponte compartiu con máis de 250 feligreses os seus 50 anos na parroquia

Luís Fernández Núñez, cura párroco de Ponte Arcediago, Rairiz e Mourazos compartiu con máis de 250 veciños e feligreses os seus 50 anos á fronte das parroquias da zona de A Ponte. O sacerdote comezou a xornada oficiando unha misa concelebrada por curas das parroquias veciñas, e na que tomou parte a Coral de Santiso. Durante os oficios, Fernández Núñez amosouse emocionado e agradecido pola presenza dos seus feligreses, e reiterou a súa vontade de

continuar ao servizo dos veciños durante moitos anos.

Xa na comida, celebrada no Hotel Carlos '96, o alcalde de Santiso, Ramón Villar, foi o encargado de dar lectura a unha misiva do obispo de Lugo, Frai José Gómez, que non puido asistir á homenaxe por motivos de saúde. Foi o propio alcalde, Ramón Villar quen lle fixo entrega, en nome dos feligreses asistentes, dunha praca conmemorativa dos seus 50 anos no municipio.

Un partido do Cire serviu para inaugurar o novo campo de fútbol municipal

A vitoria por 1-0 do equipo sénior do Cire de Melide fronte ao Galegos o último domingo de febreiro serviu de fin de festa ao acto de inauguración oficial do campo de fútbol municipal de Melide logo das melloras levadas a cabo nas instalacións deportivas. Logo de varios meses de obras, os afeccionados ao balompé xa poden desfrutar do novo céspede de herba artificial co que se dotou ao campo do Cire, así

como das diferentes melloras que se efectuaron, e entre as que destaca un potente sistema de iluminación, o acondicionamento das bancadas, ou a adecuación dos vestiarios.

Campionato

O partido do equipo sénior melidense serviu ademais para homenaxear ao conxunto cadete do Cire, recién coroado campión de Liga, e que a vindeira tempada militará na Primeira Autonómica.

O xurado cualificou o traballo de pioneiro no seu campo en Galicia O melidense Santiago Prado recibe o Vicente Risco de Ciencias Sociais

O antropólogo ratifica a súa esperanza de que se produza un cambio de sensibilidades

Poboacións non pertinentes nas institucións educativas. O alumnado con procedencia rural na terra de Melide é o título do traballo de Santiago Prado galardonado co premio Vicente Risco de Ciencias Sociais. A obra do antropólogo melidense foi recoñecida polo xurado por ser pioneiro nos estudos da antropoloxía da educación en Galicia. A obra de Prado é ademais o primeiro traballo sobre antropoloxía da educación que aborda a nivel estatal a realidade da xente do rural. As inquedanzas que Chago Prado amosou dende pequeno foron as que o levaron a investigar sobre o alumnado rural na comarca. Dende pequeno estaba preocupado porque os meus amigos, moitos do rural, quedaban atrás no camiño do sistema educativo, e era



O traballo de Prado foi recoñecido como pioneiro en Galicia

algo que quería cambiar, afirma Prado. Un profundo estudo teórico e empírico desenvolvido durante máis de catro anos sobre o IES melidense serviu para que Prado confirmase que, a pesar dos cambios efectuados na lexislación educativa, seguía habendo un certo fracaso no paso dos alumnos de procedencia rural á secundaria. E é que o antropólogo melidense

incide en que a realidade existente no sistema é heteroxénea, e sen embargo, lévase a cabo un certo traballo de homoxenización. A pesar de que Santiago Prado recoñece a dificultade para cambiar esa realidade educativa, ratifícase na súa utopía particular, e agarda que se chegue a dar, cando menos, un cambio de sensibilidades de cara ao non homoxéneo.

O mellor sumiller de España achegará a súa experiencia a A Tenda Xusta

David Seijas, gañador do premio *Nariz de oro 2006*, que recoñece ao mellor sumiller de España, colaborará activamente con A Tenda Xusta, un proxecto novidoso que en breve abrirá as súas portas na melidense rúa de San Pedro.

A presenza de Seijas, que realizará a escolla dos caldos que se venderán en A Tenda Xusta, completaráse con varias catas públicas ao ano nas que o experto, forxado entre outros espazos, entre as paredes do El Bulli

ou o Ars barcelonés, amosará ao público as cualidades dos mellores viños. Seijas, con raíces familiares en Santiso, colaborará no achegamento a novos caldos para os amantes dos bos viños.

Proxecto innovador

Ademais do atractivo engadido de contar cunha selección dos mellores viños, a Tenda Xusta achegará unha ampla selección de produtos de comercio xusto e con selo ecolóxico, o eixo sobre

o que xira a filosofía do espazo. Cun ambiente ecléctico e innovador no que a presenza da dualidade norte-sur é unha constante, a Tenda Xusta ofrecerá a posibilidade de adquirir roupa e complementos da cen por cen galega Vaca Láctea. A organización de catas e degustacións, e a posibilidade do propio entorno de ofrecer ambientes distintos do día para a noite, complementan os atractivos do novo local que se abrirá en breve.

O instituto melidense leva dous cursos inmerso no traballo O IES, primeiro premio á innovación educativa sobre enerxías renovables

O galardón está dotado con 15.000 euros para a posta en marcha dun laboratorio

O IES Melide vén de recibir o primeiro premio nos Premios á innovación educativa sobre as enerxías renovables en Galiza, convocados pola Consellería de Educación e o Instituto Enerxético de Galicia. O galardón, compartido co IES d'As Pontes chegará a cada un dos dous centros 15.000 euros que se destinarán á posta en marcha dun aula-laboratorio de enerxías renovables. A comunidade educativa do IES melidense xa amosou a súa *fonda ledicia* polo recoñecemento, *que premia un traballo desenvolvido durante un longo período de tempo por profesores e profesoras do centro*.

O traballo premiado polo certame convocado por Educación e o Inega centrouse na mellora da eficacia no consumo enerxético, así como na modificación de actitudes, valores e hábitos respecto do uso e consumo da enerxía. Así, dende o centro puxéronse en marcha actuacións destina-



O IES leva dous anos inmerso no proxecto

das a que o alumnado perciba a necesidade de practicar o aforro e a eficiencia enerxética modificando actitudes, asumindo valores e interiorizando hábitos. Deste xeito, ao longo dos dous últimos cursos académicos o centro veu desenvolvendo un traballo sobre o aforro e a eficiencia enerxética nun centro de ensino.

As actividades

Entre as iniciativas postas en marcha polos docentes do centro melidense participantes no proxecto, destacaron a realización dunha auditoría enerxética do

centro, a elaboración dun documento de traballo con distintos aspectos curriculares vencellados á enerxía, ou o deseño de xogos didácticos destinados a concienciar no ámbito da eficiencia enerxética. Entre as actividades desenvolvidas, incluíronse certames e concursos tales como un concurso para comprobar qué clase era quen de xuntar máis papel reciclado. Outra das iniciativas desenvolvidas dende o centro foi a convocatoria dun día sen vehículos motorizados, para concienciar da problemática do verquido de CO₂ á atmosfera.



O Museo recibirá 30.000 euros da Deputación

A Deputación destina unha achega de 30.000 euros para o Museo da Terra de Melide

O pleno da Deputación de A Coruña vén de aprobar unha achega de 30.000 euros para o Museo da Terra de Melide. Esta partida será destinada ao financiamento de obras e actividades do centro durante o ano 2007.

A metade da axuda, 15.000 euros, servirán para executar diversas melloras nas instalacións do Museo, tales como a instalación do sistema de calefacción en todas as salas do museo, ou a colocación dunha porta de cristal corredeira na entrada principal. Así mesmo, a axuda da Deputación servirá para acristalar as salas dos oficios tradicionais, a fin de evitar roubos nos fondos

do Museo.

No apartado de actividades, o Museo disporá de 15.000 euros para a edición de publicacións e investigacións, para financiar as montaxes das distintas exposicións que se suceden ao longo do ano, así como para confeccionar material didáctico e publicitario.

Esta axuda é o cuarto convenio entre Deputación e Museo para financiar as obras e actividades do centro con 30.000 euros. A voceira do BNG na Deputación, e concelleira de Melide, Socorro Cea, destacou a súa satisfacción ao considerar que *por fin se está facendo xustiza co Museo comarcal melidense*.



Peña Castiñeira impartiu unha conferencia en Toques

Toques acolheu unha conferencia sobre a problemática ambiental no rural galego

A aula da natureza de Toques acolheu o pasado 2 de febreiro unha conferencia coloquio a cargo do profesor Francisco José Peña Castiñeira, responsable do programa Municipios Saudables e Sostibles 2000-2007. Organizada pola asociación cultural Xocer, preto de trinta persoas asistiron ao acto.

O experto abordou durante a conferencia a problemática


do saneamento dos núcleos rurais, os procedementos e sistemas de reciclaxe de plásticos agrícolas, a recolleita de electrodomésticos ou o tratamento de augas residuais.

Peña Castiñeira incidiu en que *tento levar a saúde ambiental para Galicia para, entre todos, construír concellos máis saudables e sostibles*.

Durante a conferencia, o

convidado tentou exemplarizar en Toques algúns dos problemas cos que máis a miúdo se atopan os veciños das zonas rurais galegas en canto á súa adaptación a principios e costumes de respecto polo medio ambiente.

Durante o acto, presentouse a publicación *Radiografía ambiental de Galicia*, asinada polo propio Peña Castiñeira.



Melide rendeuse ao entroido

A orixinalidade e o traballo das comparsas aportou vistosidade ao concurso de disfraces organizado o martes

Melide recibiu este ano ao entroido por todo o alto. Caretas, disfraces e comparsas exhibíronse polas rúas da vila dende o xoves ata o martes, día grande das festas coa celebración do concurso de disfraces e comparsas organizado dende o Concello, e coa celebración da tradicional queima do meco promovida dende a asociación cultural Curuxás.

Desta volta, unha carpa, que se quedou pequena e que non facilitaba que as comparsas se luciran antes

o público, serviu como escenario ao concurso de disfraces. Na categoría individual, o personaxe *O avó e máis eu* foi merecente do primeiro premio pola súa orixinalidade e laboriosidade.

Xa no apartado de comparsas, a competencia estivo moito máis reñida có ano pasado, participando grupos chegados de concellos veciños. A *Reserva esquimal* foi galardonada co primeiro premio do certame, dotado con 600 euros. O segundo premio recaeu no

Rescate marcianícola que fixo desfilar unha nave espacial polas rúas melidenses. Tres pallozas elaboradas de xeito absolutamente artesanal foron merecentes do terceiro premio, mentras que o cuarto recaeu na orixinal revisión da Roma imperial feita por un grupo de mozos melidenses que, ataviados só con túnicas, plantaron cara ás temperaturas.

Antes do concurso, e para combatir o frío, os asistentes poideron degustar un chocolate con biscoito.





Máis dun cento de veciños acudiron á queima do Meco na praza das coles

Curuxás recuperou a tradición cos testamentos e a queima do meco

O Entroido máis tradicional tamén tivo un oco no calendario festivo melidense. Como vén facendo dende hai algúns anos, a asociación cultural Curuxás organizou o recital de testamentos e a queima do Meco na praza das Coles.

A celebración, que tivo

lugar o martes de entroido á tardiña, deu comezo coa lectura dos testamentos por varios veciños, uns versos que, como é tradición, recuperaron a actualidade de xeito satírico. Dende a vaga de lumes do verán ata o espido de Ana María Ríos pasando pola concurrencia

de dúas mulleres á alcaldía de Melide nas vindeiras eleccións municipais, tiveron o seu oco no repaso feito ante máis dun cento de asistentes.

Tralo recital das coplas, prendeuse lume ao meco da asociación. Este ano o personaxe elixido foi a Du-



A Duquesa de Alba foi o Meco confeccionado este ano

quesa de Alba, que recolleu o testemuño de Manuel Fraga, elixido como meco o entroido pasado.

Filloas e queimada

Para acompañar o recital de testamentos e a queima do meco, os asistentes estiveron convidados a filloas,

queimada, e refrescos co selo do comercio xusto.

Para acompañar a festa, os músicos de Axóuxere, o grupo da asociación cultural Terra de Melide, interpretaron varias pezas coas que amenizaron a celebración do entroido máis tradicional.

Terra de Melide espuxo unha retrospectiva dos últimos 30 anos

A asociación cultural Terra de Melide organizou, co gallo do entroido, unha exposición na que se recollían os últimos 30 anos de entroido en Melide a través de fondos do propio colectivo, e de veciños da localidade. Exposta na capela de San Antón, a mostra aberta dende o 17 ao 20 de febreiro, recolleu decenas de fotografías protagonizadas por veciños de Melide dende o ano 77, e nas que se podía apreciar a evolución da festa popular.

Unha escolla de disfraces artesanais, así como complementos tales como escope-

tas integramente feitas a man, serviron tamén para que os visitantes palpasen o cambio experimentado na concepción do propio entroido nas últimas tres décadas.

Outro dos contidos expostos na mostra *30 anos de Antroido en Melide* foi unha selección de testamentos recitados dende os anos setenta na vila nos que, ao igual que na actualidade, se satirizaba o cotiá. Recolléronse ademais unha mostra dos carteis desenhados e feitos a man cos que se anunciaban os actos do entroido en décadas



A exposición sobre o entroido estivo aberta catro días na capela de San Antón

pasadas. Para completar o repaso ao entroido, os organizadores dispuxeron

unha serie de bibliografía na que se incluían obras que trataban tanto o fenó-

meno ancestral de entroido como a súa evolución e actualidade.

O Patronato da Cultura Galega de Montevideo (Uruguai) e a súa relación coa Asociación Cultural Terra de Melide

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

No ano 1964 nace o "Patronato da Cultura Galega" en Montevideo (Uruguai), tendo como fin o desenvolvemento da cultura galega e tendo como meta a defensa da nosa nacionalidade histórica. Ademais das propias actividades culturais no decurso dos anos, publicou numerosos libros e traballos sobre Galiza, en tódolos seus ámbitos, a través do seu voceiro "Guieiro".

Os seus fundadores foron o doctor Cancela Freixo, Alberto Cerdeira, Miguel Vázquez Valiño, entre outros, e por suposto D. Xesús Canabal, verdadeiro mecenas, amigo de Castelao, e natural do Amenal (O Pino).

No ano 1975, e grazas as

xestións realizadas polo meu irmán Xesús M^a, Mariño Mercante, e daquela na Cía Ybarra, na línea de Brasil-Uruguai e Arxentina, encetamos unha estreita colaboración entre o "Patronato", primeiramente a través do Centro Cultural C.I.R.E e logo xa da Asociación Cultural "Terra de Melide".

Froito desta estreita relación, chegaron publicacións que eiquí non tiñamos: "Antoloxía poética" de Heriberto Bens; "Revoeira" de X. Búa; "Historia de emigrantes" de X. Neira Vilas; "Versos para cantar en feiras e romaxes" de Manuel María; etc., e dunha das grandes obras galegas, a "Historia de Galiza", diri-

xida por D. Ramón Otero Pedrayo, coa colaboración dos máis importantes persoeiros da cultura galega da época. Consta de tres tomos, dous editados en Montevideo (1962) nos cales o mecenas foi D. Xesús Canabal (fundador de IPUSA, a súa empresa papeleira); o terceiro tomo editouse en Bos Aires en 1973. Grazas a esta relación temos exemplares no "Museo da Terra de Melide", a Asociación Cultural "Terra de Melide" e outros particulares.

Salientar, tamén, que o "Patronato" mantén viva a Audición Radial "Sempre en Galiza", a máis antiga e ininterrompida na nosa lingua dende 1950 en Radio Carve de



Carlos Sánchez, Montevideo

Montevideo, onde poñen con frecuencia o disco de Froito Novo "Esperta Galiza".

Na nosa memoria: Xesús Canabal, Crestar, Yolanda Díaz, Pedro Couceiro, M.

Meilán, Fernando Pereira (amigo), Carlos Sánchez (amigo e restaurador dunha zanfona dos irmáns Fuciños Gómez), etc., dos cales tratarei noutra colaboración en "Cerne".

O humor de onte



O humor de Castelao

Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez (Casa de Pita)

In memoriam

Don Pablo Bargo Bouzas

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

O pasado día cinco de febreiro-07, falecía en Melide Don Pablo Bargo Bouzas, Axente Forestal xubilado.

Naceu o 25 de novembro de 1935 en Fontefría, parroquia de San Xusto de Toxosoutos (Lousame - A Coruña). Despois de cumpri-lo

servizo militar, ingresa na Granxa - Escola de Capacitación Agraria de Bastiagueiro (Oleiros), onde acada o título de Capataz Agrícola.

O seu primeiro destino foi en Camariñas, case dous anos, até que en 1960 foi destinado a Toques, e posteriormente nomeado Garda - Forestal xefe da Terra de Melide (Santiso, Toques e Melide) daquelas dependente do I.C.O.N.A.



No 1964 casou coa melidá Oliva Buján Rodríguez tendo catro fillas e vivindo dende aquelas permanentemente en Melide.

No ano 1977 e co gallo do cumpreanos do Rei Don Xoan Carlos, fílle concedida a Medalla de Bronce da Orde Civil ó

Mérito Agrícola, séndolle comunicada a nova por telegrama de Don Fernando Abril Martorell, daquela Ministro de Agricultura.

Home ordenado e afable, bo esposo e pai, foi un funcionario exemplar da administración, e eficiente nas brigadas contra incendios que él dirixía.

As miñas condolencias a súa viúva Oliva e as súas fillas.

Descanse en Paz.

As botas de goma esquecense axiña

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

Hai unha chea de cousas que só poderíamos esperar-nos de xente da aldea. A estrutura social e económica de Galicia foi cambiando e agora está asumido que ser da aldea é ser inferior, a non ser que teñas unha casa de turismo rural ou sexas un xubilado que escolle a aldea para a última etapa da súa vida. Pero, por sorte, aínda hai cousas que seguimos tendo os da aldea e que os das vilas "vidas a máis" -as que se ofenden cando alguén lles di que son aldeas grandes e os das cidades xa non teñen. Cousas tan simples coma os ritmos da vida, que nas aldeas van polo sol e nas cidades van polo reloxo... "agora os días xa son grandes", din os labregos,

pero nas cidades tanto ten que haxa luz coma que non, que brille o sol ou que xa se vexa a lúa, porque os horarios están marcados igual para todo o ano e non hai variación posible.

Teño un amigo que di que os aldeáns estamos feitos dunha pasta especial, que nos acompaña alá onde vaíamos, aínda que vivamos ocasionalmente nunha cidade. Di que nas aldeas non existen as depresións, que iso son cousas de burgueses; que nas aldeas non existe o aburrimiento... (alguén viu a un cativo da aldea dicir que se aburre?) e ten razón. Está claro que as aldeas galegas non son paraísos. Para iso deberían darnos a escoller entre ter servizos mínimos ou non,

pero nin sequera é así. A



alguén lle interesa manter este sector atrasado, aínda que logo enchan a boca dicindo que son paraísos. Todo o mundo di que o seu desexo é vivir na aldea, o aire puro, a tranquilidade, a natureza, nada de estrés,

todo harmonía... pero todos escapan ás cidades e dende alí enchen os medios de comunicación e a política de demagogia.

Pero, a pesar diso, aínda que Fenosa nos subministre un servizo de luz que raia coa burla, que non permite nin o funcionamento dun simple microondas; aínda que non poidamos ter internet, aínda que o camión do lixo pase cando lle acorda, penso que perderíamos un tesouro irrecuperable se as deixamos esmorecer. Al aldeas e os aldeáns mantemos aínda a riqueza dos ulidos: o ulido a herba seca acabada de segar, o ulido da terra despois de chover, o ulido dunha maceira no mes de setembro, o cheiro dos

pinos, e moitas outras sensacións que, afortunadamente, nunca poderán venderse en ningún envase de perfume caro.

Mais a pesar desa riqueza, moitas veces, cando un labrego vai á vila mercar algo e o vilego lle fala en castelán, aínda que toda a vida seus pais falasen galego e vivisen 24 horas ao día nunhas botas de goma cheas de lama (onde non existe o castelán), o aldeán pensa que se fala no seu galego de aldea, de lareira, de casa con palleira con can de palleiro incluído, haberá alguén detrás do mostrador que se ría del. Mágoa que aínda quede quen o faga, pero por sorte, cada vez son menos os aldeáns que se avergoñan de selo.

O centro de interpretación dos xogos tradicionais Brinquedos

Xabier López García, coordinador do Centro de Interpretación "Brinquedos"

No Ceip Mosteiro de Caveiro, da Capela (A Coruña) hai tempo que os Xogos Tradicionais teñen certa presenza diaria; aparecen nos tempos de lecer, convivindo con outras actividades lúdicas e deportivas. Tamén téñense celebrado e seguiranse a reproducir Convivencias con outras escolas, nas que se practica este tipo de actividades que forman parte da cultura e Patrimonio galegos. Seguindo na mesma onda, tiveron lugar na escola unhas Xornadas dirixidas a mestres das que saíu o xermolo para a organización do I Encontro escolar galego de Xogos Tradicionais, que viu a luz no mes de Maio de 2.005 en Compostela.

No curso escolar 2.005/06, seguindo coas estratexias de recuperación destes xogos, decidimos crear un parque temático de Xogos Tradicionais, para dispoñer de campos marcados, co fin de que estes xogos tiveran a posibilidade real de seren practicados. Para conseguir

este obxectivo recuperamos espazos exteriores do patio escolar e seleccionamos un total de vinte e cinco xogos. Creamos así un Centro de Interpretación de Xogos Tradicionais (que chamamos "Brinquedos"), no que aparecen os campos para xogar e uns paneis coas oportunas explicacións dos xogos, xunto con debuxos alusivos aos mesmos.

Tentamos que dentro do recinto escolar houbera uns espazos nos que as nenas, os nenos, as nais, os pais, os maiores, os mestres... poidesen practicar estas actividades. O Centro de Interpretación está dividido en tres zonas, nas que distribuímos os seguintes xogos:

Zona A: Catro esquinas, Brilé, Carreira de sacos, Pano, Pita cega, Zorregada co cinto, Chave, Tiro de corda, Salto á corda, Peón, Cravo, Goma, Chapas, Aro, Zancos, Mariola e Pelouros.
Zona B: Bólas e Lombas.
Zona C: Ra, Bolos, Billarda, Porca, Tres en raia e O muíño.

Aproveitando as paredes do Pavillón e a que rodea a pista polideportiva colocamos uns paneis coas explicacións dos xogos, que axudarán a poder realizar un percorrido polo Xogo Tradicional a calquera persoa que visite o Centro. Hai outro panel no que se explican dúas sortes de botar e outro na entrada no que aparece o anagrama do Centro de Interpretación e un documento escrito sobre a filosofía do Xogo Tradicional

Cada panel leva:

- Anagrama de Brinquedos (nome do Centro de Interpretación)
- Nome do Xogo Tradicional, espazo para xogar e materiais necesarios.
- Texto explicativo do xogo.
- Ilustración referente ao mesmo.

O grupo de mestres que se encargou do traballo foi de seis persoas (dúas de Infantil, unha de PT, unha xeneralista, o Director e un de Educación Física).

Tamén colaboraron na confección dos paneis unha pro-



Nenos xogando ao gato e o rato

fesora (María Salas) e os alumnos do IES de Leixa (Ferrol), unha asesora do CFR de Ferrol (Cuchi Souto, a ilustradora), algún pai de alumnos e traballadores do concello de A Capela (marcado dalgún campo de xogo), así como alumnos da propia escola.

Por outra banda, enfocamos este Centro de Interpretación a que calquera dos membros da Comunidade educativa teña á súa disposición e use estes espazos de xogo a calquera hora do día.

Entre os obxectivos que nos marcamos están:

- Implicar a mestres de diferentes Áreas e Etapas educativas a traballar no campo do noso Patrimonio.

- Marcar campos de Xogos Tradicionais no patio da escola.

- Dotar á escola dos materiais necesarios para a práctica dos xogos expostos.

- Promover a práctica diaria dos Xogos Tradicionais.

- Conseguir que calquera persoa que faga o percorrido polo Centro de Interpretación se faga unha idea dos Xogos Tradicionais e saiba que regras teñen.

- Tentar facer posible a convivencia cotiá do Xogo Tradicional con outras actividades lúdicas ou deportivas.

- Facilitar as convivencias entre escolas, utilizando estes xogos.

**Teléfonos de
interese**

Autobuses

Actos

URXENCIAS		981505012
UrxenciasSanitarias.....061	Consevatorio	
Bombeiros.....080		981507100
Incencios Forestais.....085	Polideportivo	
Policía Municipal		981507752
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade	
Melide.....981505003		981505706
Policía Nacional091	Parada de Taxis	
Garda Civil		981505390
Urxencias.....062	Albergue Xuvenil	
Melide.....981505007		981507412
S.O.S	Albergue do Peregrino	
S.O.S Galicia.....112		660396822
Protec.Civil.....670498848	Centro Ocupacional	
		981505003
	A.S.E.T.E.M	
		981506188
TRANSPORTES	Fundación Terra de Melide	
Renfe		981507244
Nacional.....902240202	I.E.S. de Melide	
A Coruña		981505162
Santiago		
Autobuses	C.E.I.P nº1.....	981505238
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº2.....	981505929
Santiago.....981542416	Gardería.....	981505003
Melide.....981505204	U.A.F. de Melide	
Aeroportos		981 507742
A Coruña.....981187200		
Santiago.....981547500		
Vigo.....986268200		
	SANTISO	
	Casa do Concello	
		981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	Centro de Saúde	
Atención ao cidadán	Agrochao.....	981517803
	Visantoña.....	981510749
Valedor do pobo	Xulgado de Paz	
		981 818501
Economía facenda		
		981545151
Industria e Comercio	SOBRADO	
		981544341
Sevizo Galego Colocación	Casa do Concello	
		981787508
Teléfono da Muller	Desenvolvemento local	
		981787508
Teléfono do Menor	Centro de Saúde	
		981787744
Dirección Xeral de Tráfico	Mosteiro de Sobrado	
		981787509
Correos.....902197197	Xulgado de Paz	
Auga.....981242322		981787508
Electricidade.....981147200		
Gas.....900760760		
	TOQUES	
	Casa do Concello	
		981505826
MELIDE	Centro de Saúde	
		981507301
Casa do Concello	Xulgado de Paz	
		981505826
Servizos Sociais		

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á Cafetería Marta	Domingos e festivos:
	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
	20.20
A CORUÑA - MELIDE	Parada fronte á Pizzería Xoldra
De luns a Venres:	
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25, 20.50,
19.00	21.50 (só venres lectivos)
	Sábados:
MELIDE - FERROL	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
De luns a venres:	19.25
Non hai liña	Domingos e festivos:
Sábados:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Domingos e Festivos: 19.15	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
Parada fronte á Cafetería Marta	
	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
FERROL - MELIDE	Luns a venres laborables:
De luns a venres:	Saída de Fondevila: 10.20
Non hai liña	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último de mes:
10.30	Saída de Fondevila: 8.15 e
Domingos e festivos:	11.00
17.00	Saída de Melide: 13.00
	Último domingo de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 7.45
De luns a venres:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	14.00
Sábados:	
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
Domingos e festivos:	Martes e venres laborables:
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	Saída de Folladela: 8.30
20,00	Saída de Melide: 12.30
Parada fronte á Cafetería Marta	Domingos excepto último de mes:
	Saída de Folladela: 8.40
OURENSE - MELIDE	Saída de Melide 13.00
De luns a venres:	Último domingo de mes:
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Folladela: 8.30
Sábados:	Saída de Melide: 13.00 e
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	14.00
19,15	
Domingos e Festivos:	
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	
21.00	

MARZO
-Xoves 8: celebración do día da muller traballadora.
-Presentación do BNG de Toques. Será no restaurante Xaneiro ás 21 horas. Agárdase a presenza do conselleiro do Medio Rural Alfonso-Suárez Canal.
-Xoves 15: remata o prazo para presentar obras ao VII certame de creación literaria Terra de Melide. As obras deberán presentarse na secretaria do Concello de Melide.
- Reunión dos comerciantes interesados en participar no proxecto da tarxeta de fidelización de ASETEM-CCA. Será ás 21 horas na sede da asociación.
-Xoves 22 e venres 23: excursión á cidade de Fátima dos socios do Centro Social de Melide.
-Venres 23: actuación do Quinteto de vento da Orquestra Sinfónica de Galicia na Igrexa Parroquial ás 21.00 horas.
-Festa da xuventude en Visantoña. Comezará a partir das 21 horas, e actuarán as orquestras París de Noia, Philadelphia e Costa Oeste. Haberá carro de polbo e churrasco.

PLÁCIDO CARBALLO, MECÁNICO

Para fidelizar os clientes, hai que ser rápido e garantir calidade na reparación

Leva máis de media vida adicado á mecánica, e non lle teme ás novidades nin ás evolucións. Cando decidiu comezar pola súa conta instalouse no seu Toques natal,

e dende alí, desprázase a ónde o reclamen para efectuar os arranxos que sexan precisos. Plácido reconece que á hora de traballar, o servizo e o que conta.

Máis de media vida adicado ó mundo da mecánica avalan a labor de Plácido Carballo. Con tan só 14 anos comezou a misturarse con chaves inglesas, tornillos e motores na que, co tempo se convertería na súa profesión.

-Con 14 anos, un remata na escola, e supoño que é o momento de decidir, ou cando menos buscar, cara ónde tirar.

-Sí, a verdade é que empecei moi xoven. Con 14 anos ao saír da escola había que buscarse a vida. A mín non me gustaba nin estudar nin o traballo agrícola, así que meus pais déronme a escoller entre traballar ou aprender un oficio.

-E daquelas, ónde se aprendía o oficio?

-Empecei aquí en Melide, nunha empresa local de mecánica. Estiven algúns anos, e despois tiveren que ir facer a mili.

-Claro, iso pasa cando se comeza a traballar dende tan pequeno, non?

-Pois sí. Tiven que ir á mili, e alí tamén aproveitar para



Plácido comezou a aprender os entresillos da mecánica con tan só 14 anos

agro galego comezou a dar os primeiros pulos, así que pensei que era o momento de convertirme en autónomo para tentar mellorar a

-Por qué naquel momento optaches pola mecánica agrícola?

-Porque cando eu me cambiei para agrícola, o campo estaba en auxe. Vía bastante futuro, aí tiven un erro.

-Porque o agro non atravesava o seu mellor momento.

-O campo está deteriorado, e iso afecta máis aló dos propios gandeiros, porque en canto eles deixan de percibir beneficios, aféctanos aos que temos vencello con él. Aí as administracións teñen moito traballo por facer se realmente queren axudar e apostar polo agro. Menos subvencións, e máis opcións. A xente non pode centrarse en axudas, porque é pan para hoxe e fame para mañá.

-Amáis da mecánica agrícola, abrangues outras especialidades.

-A propia situación do campo fai que te adaptes a outros sectores, como por exemplo a maquinaria de construción e a industrial. Por exemplo nesta zona a construción móvese moito, e hai moito traballo nese campo.

O traballo do agro fai que os meses de verán sexan os máis fortes para nós

-Traballas só en Toques e Melide, ou tamén máis concellos?

-Aquí cóllese unha zona bastante ampla que inclúe algúns concellos de Lugo e de Pontevedra.

-No teu traballo, como

noutros moitos, o primeiro é darse a coñecer?

-Pois sí. Eu levo moitos anos traballando aquí, pero iso pasa coma en todos lados.

-E para conseguir que os clientes sexan fieis, hai algún truco?

-Hai que manter unha liña de traballo seria. Hai que ser rápidos e garantir calidade na reparación. Se se pode competir en prezos, pois aínda mellor.

-Hai moita competencia na zona?

-Non, porque na reparación agrícola o que che necesita o cliente é unha reparación rápida, que é algo que tes que garantirlle. A competencia case non existe, porque hai moitas veces que non damos atendido todos a todo.

-Hai épocas de maior apuro ca outras?

-Os meses de verán son os máis fortes. Despois, tes moito mantemento de máquinas durante os meses de inverno, pero sobre todo cando hai realmente apuro é durante os meses máis álxidos de traballo no agro. A verdade é que non hai queixa do traballo que hai.

-A adaptación aos cambios e á evolución dos sistemas mecánicos foi difícil?

traballar como mecánico en automovilismo, e aproveitei para sacar os carnés de conducir. Rematei o servizo militar, voltei, e volví traballar na empresa de Melide donde comezara, ata que ao cabo dun tempo comecei a traballar noutra empresa de maquinaria agrícola.

-E cómo decidiches despois dar o paso de independizarte?

-Pois daquelas foi cando o

situación económica, e encamiñar o futuro.

-E por qué en Toques?

-Porque a xente que eu pensaba que podían ser clientes meus proviñan, claro, da zona rural, e Toques era unha boa opción, porque daquelas eu centrábame na mecánica agrícola. Ademais, nese sector tiñas que desprazarte bastante para atender as reparacións, así que tanto me valía Toques coma Melide.

-Coma en todo, hai evolución, pero na mecánica agrícola non se sae tampouco da súa lóxica. Cando coñeces uns principios, despois adáptaste con facilidade aos cambios e ás melloras.

Editorial	P2	Cultura e lecer	P16
Opinión	P3	Colaboracións	P20
Melide	P4	Axenda	P22
Comarcas	P10	A entrevista	P23
Empresa e comercio	P12	A Contra	P24

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº25. 1 de marzo -1 de abril de 2007. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

A campaña de San Valentín premiou a fidelidade dos clientes do comercio local

Un total de 18 establecementos comerciais da vila participaron na campaña do día dos namorados organizada por primeiro ano pola Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto. Dende o 1 ata o 14 de febreiro, os establecementos adheridos á campaña repartiron 11.000 boletos para participar no sorteo de 10 receptores de Televisión Dixital Terrestre.

Esta foi a primeira campaña organizada por ASETEM-CCA co gallo do día de San Valentín, e enmárcase dentro dun plan de acción co que o colectivo agarda dar un pulo ao comercio melidense. Ademais da campaña de San Valentín, a asociación agarda poñer en marcha ini-

ciativas similares de potenciación do comercio local para o día da Nai, e a volta á escola. Con estas iniciativas, ademais de potenciar a compra no pequeno comercio, preténdese premiar a fidelidade dos clientes dos establecementos melidenses. Campañas como a de San Valentín, máis específicas ca iniciativas como a de Nadal, agárdase que servan para respaldar o resurximento das compras no comercio local.

O 16 de febreiro celebrouse na sede de ASETEM-CCA o sorteo dos 10 TDT. Unha man inocente foi a encargada de extraer os 30 boletos (10 titulares e 20 reservas)



Unha man inocente escolleu os boletos premiados no sorteo

correspondentes aos premios entregados. Para facilitar que se poideran comprobar as rifas premiadas, todos os establecementos adheridos á campaña expuxeron nos seus escaparates os números dos boletos

premiados. Os afortunados tiveron ata o 2 de marzo para canxear o boleto polo seu TDT. Dende ASETEM-CCA amosáronse satisfeitos pola boa acollida da campaña entre os comerciantes e os clientes.

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego



Certificado pola Denominación de Orixe

www.arzuu-ulloa.org
gobernacion@arzuu-ulloa.org
1890 e fax: 981 425 76 33

GOBERNACIÓN DE GALICIA
COMARCA DE MELIDE